



II CAMPIONATO DE PESCA A FONDO DESDE EMBARCACIÓN

O Club de Pesca Maragota organiza, xunto co Club Náutico de Portonovo e a empresa Maragota Boats, o **II CAMPIONATO DE PESCA A FONDO DESDE EMBARCACIÓN** a celebrar o día 5 de Outubro de 2024.

DESENROLO DA PROBA E HORARIO

1. Este campionato celebrarase a unha soa manga a disputar na data anunciada anteriormente.
2. A proba terá unha duración de **4 horas e media contadas** desde o momento no que o Xuíz da proba dea saída.
3. Existirá un control de sinaturas dos participantes tanto á saída coma á chegada.
4. As embarcacións dos participantes deberán estar amarradas no porto de Portonovo ou no lugar que fixe a organización antes das 8:00 horas da mañá. Para iso, o Club Náutico de Portonovo proporcionará o persoal de mariñeiría para recoller os barcos nos fondeos e axudar nas manobras de atraque. O Club facilitará amarre ou fondeo dende as 17:00 do día anterior a celebrense a proba, at as 20:00 do día da proba.
5. Ás 8:15 horas abrirase o control de sinaturas de tódolos participantes, no peirao antes sinalado.
6. Ás 8:50 horas as embarcacións concentraranse na zona indicada polos organizadores da proba, preparándose para a saída lanzada as 9:00, cando o xuíz da proba dará a saída oficial ás embarcacións polo canal 72 VHF, iniciándose nese momento o cálculo das 4 horas e media para o desenvolvemento da proba. As embarcacións poderán saír do Portos de Portonovo.
7. Ás 13:30 horas todas as embarcacións deberán estar no Porto de Portonovo para a pesaxe.
8. As embarcacións deberán facilitar súa posición cando así sexa requirido pola organización
9. A proba poderá ser suspendida pola organización, no caso de que as condicións climatolóxicas así o aconsellen.

PARTICIPANTES

10. As embarcacións poderán levar ata catro participantes, sen exceder o límite autorizado pola Autoridade Marítima para cada embarcación. A proba será en modalidade fondeada, sendo apto o fondeo con ancla electrónica ou Trolling Motor, neste caso, o sistema electrónico de fondeo contará como tripulante na proba. No caso de embarcacións con Ancla electrónica o máximo de participantes na embarcación será de tres e a puntuación final será dividida entre 4, contando o motor eléctrico como tripulante. Toda embarcación con Ancla electrónica a bordo entrará este criterio de puntuación, independentemente do seu uso, polo que a organización recomenda que no caso de non querer usar este sistema de fondeo, non se leve a bordo. O Club Náutico de Portonovo porá a disposición as súas instalacións se algunha embarcación desexa gardar o seu Motor eléctrico mentres se disputa a proba.
11. Cada equipo terá un Capitán, que será a persoa que figure ó inicio da relación nominal da folla de inscrición ó campionato, o que, por esixilo así as disposicións vixentes sobre navegación deportiva, deberá estar en posesión da titulación correspondente expedida pola Autoridade competente.
12. Farase a inscrición da embarcación, que deberá estar despachada pola Capitanía Marítima.
13. Deberá levar a bordo a documentación regulamentaria e irá provista dos sistemas de seguridade correspondentes á súa clase.
14. As embarcacións non poderán sobre pasar As zonas marítimas para as que están autorizadas
15. Previamente á saída, e durante a mesma, a organización resérvase o dereito a inspeccionar os barcos participantes no campionato, para evitar posibles fraudes (pesca a bordo, palangres, etc.).
16. Será de exclusiva responsabilidade dos patróns ter en vigor o despacho das embarcacións, así como a vixencia do seguro obrigatorio da mesma, e dispoñer da titulación adecuada.
17. Todos os participantes deberán estar en posesión da licenza de pesca marítima que expide a Consellería do Mar.
18. O Club Náutico declina toda responsabilidade polo incumprimento da normativa en materia náutica, de pesca, e posibles accidentes entre embarcacións, recaendo sobre as embarcación e os seus patróns.
19. Todo participante, polo feito de inscribirse, acepta as bases do campionato, e de maneira expresa a circunstancia que as resolucións ou fallos do xurado son inapelables.

ZONA DE PESCA

20. A zona onde cada embarcación elixa para realizar as capturas é libre, dentro da Ría de Pontevedra, exceptuándose aquelas nas que non estea permitido pola Autoridade competente. A Zona final de pesca será comunicada aos participantes na reunión de patróns. Respectarase aquela zona que comprometa a pesca doutra embarcación. Manterase un especial resguardo sobre aquelas embarcacións que entrasen en combate. Se deberá manter unha distancia de a lo menos 100 metros de calquera embarcación, ou boia. Deberán ter izado un distintivo de participante ben visible.
21. Está prohibido pescar dentro dos límites do parque nacional Illas Atlánticas, nas zonas portuarias, nos canais de navegación. Así mesmo non poderán recalar en ningún porto distinto o do club organizador, nin abarloadose a outra embarcación.
22. A xornada de pesca será na modalidade de fondeo, polo que deberán estar fondeadas para realizar as capturas, podendo cambiar de posición tantas veces precise. Considerase a Ancla Electrónica ou Trolling Motor elemento de fondeo coa penalización antes citada na puntuación final.
23. En acción de pesca soamente se permitirá unha cana, se ben cada participante poderá ter en reserva as que considere precisas para intercambialas. As canas de reserva non poderán estar cebadas, salvo cando se realice un cambio, para o que retirará a que teña en acción de pesca. As canas estarán constituídas por un máximo de tres anzois. Quedan prohibidos os anzois que teñan máis dun garfo e as poteiras.
24. Autorízanse como cebos soamente os naturais en estado vivo ou en conserva. Esta conserva non poderá ter ningunha clase de aditamentos de orixe química. Queda, pois, terminantemente prohibido o uso de cebos artificiais e cebadores.
25. Durante o tempo de realización das probas, tódalas embarcacións deberán estar á escoita na banda de radio VHF na canle 72, desde a que se darán instrucións ó inicio da proba.
26. Calquera incidencia ou abandono da proba antes do límite deberá comunicarse por radio ó xuíz da proba.
27. O tempo límite é de 4 horas e media desde o momento no que se dá a saída ata a entrada a porto. Os participantes, ó chegar a porto de Portonovo, deberán pasar polo control de sinaturas.

ESPECIES

29. Quedan prohibidas en pesada as seguintes especies: os cefalópodos (polbo, lura, choco, etc.) e outros como muxel, anguía, congro, morena e similares. Serán válidos e poderán capturarse tódalas especies restantes que habitan na ría, aténdose ás normas de pesca en tallas que edita a Consellería de Pesca Marisqueo e Acuicultura, e serán admitidas na seguinte escala:

1º CATEGORIA.- Robalos, robalizas (lubinas) e abadexos (corbelos)

5 puntos por peixe válido e 10 puntos por cada gramo de peso.

2º CATEGORIA.- Sargo, Ollomol (besugo), pancho bicudo, pargo.

3 punto por peixe válido e 5 puntos por cada gramo de peso.

3º CATEGORIA - As demais especies, salvo as excluídas.

2 puntos por cada gramo de peso.

30. As tallas mínimas serán as seguintes:

CORBELO	30 CM
OLLOMOL	25CM
BOGA	15 CM
MADRENIA	20 CM
CABRA	15 CM
XURELO	15 CM
DOURADA	19 CM
ESCACHO	20 CM
ESCARAPOTE	18 CM
MUXO	20 CM
FANECA	20 CM
PARGO	30 CM
ROBALIZA	36 CM
MARAGOTA	20 CM

PINTO	20 CM
VELLO	14 CM
LABANCO	15 CM
PANCHO	25 CM
SARGO	22 CM
SENB ORITA	14 CM
NO CASO DE ESPECIES DIFERENTES DAS DESCRITAS NON SE ACEPTARAN AS QUE NON DEAN A TALLA MINIMA	

31. Non se poden capturar máis de 5 Kg por pescador, máis unha peza, segundo as normas do decreto 211/99 publicado no D.O.G. no 139 de 21 de xullo de 1999.

32. Cada equipo participante procurará por si mesmo o refrixerio, xantar ou inxestión de alimentos durante a proba.

PESAXE

33. A pesaxe realizase pola organización, podendo ser supervisado polo interesados que deberán asinar a conformidade os patróns das embarcacións.

DESCUALIFICACIÓN

34. O xurado entenderá a NON COMPARECENCIA DUN PESCADOR CON CAPTURAS Á PESAXE como autodescualificación.

35. Calquera incumprimento das bases será motivo de descualificación.

RECLAMACIÓNS

37. Unha vez o xurado levante acta despois da pesada, quedará un prazo de 15 minutos para expoñer unha reclamación. Estas deberán efectuarse por escrito e por un só pescador.

INSCRICIÓNS

38. As inscricións poderán realizarse dende O DÍA 23 DE SEPTEMBRO DE 2024 ata as 19:00 horas do día 3 de OUTUBRO DE 2024 debendo estar a documentación en posesión da organización ó termo da hora antes citada.

39. Cada concursante deberá abonar unha cota de 25€ euros. Farase unha única inscrición e un único pago por Embarcación. As follas de inscrición poderán solicitarse en papel no Club Náutico de Portonovo, ou en formato dixital no WhatsApp 616 80 82 06 ou no correo electrónico clubdepescamaragota@gmail.com.

40. DATOS PARA A INSCRIPCION

Enviar a folla de inscrición ao Correo electrónico: clubdepescamaragota@gmail.com , ou por WhatsApp ao 616 80 82 06, xunto co Xustificante de pago.

Nº DE CONTA: ES79 2080 0561 3130 4002 1151

CONCEPTO: CPF24+NOME DA EMBARCACIÓN

BENEFICIARIO: CLUB DE PESCA MARAGOTA

41. Calquera modificación na disposición dos participantes por embarcación deberá ser presentada ante o xuíz da proba, no momento do control de sinaturas de saídas.

XURADO

42. O xurado estará composto por:

XUÍZ DA PROBA

SECRETARIO

43. Os nomes das persoas que forman parte do xurado estarán expostos no taboleiro de anuncios do Club Náutico de Portonovo, antes do comezo do concurso.

PREMIOS

44. Entregaranse os seguintes premios:

- 1º CLASIFICADO (EMBARCACIÓN)
- 2º CLASIFICADO (EMBARCACIÓN)
- 3º CLASIFICADO (EMBARCACIÓN)
- 4º CLASIFICADO (EMBARCACIÓN)
- PEZA MAIOR (INDIVIDUAL)
- MARAGOTA MAIOR (INDIVIDUAL)
- PESCADOR SENIOR (INDIVIDUAL)
- PESCADOR JUNIOR (INDIVIDUAL)

Cada concursante só poderá optar a dous premios. A puntuación obtida dividirase polo número de tripulantes de cada embarcación.

Para o cálculo do maior número de puntos e do maior número de pezas dividirase o total obtido por cada embarcación entre o número de tripulantes totais sendo o resultado o cociente da mesma.

ENTREGA DE PREMIOS

44. A entrega de premios realizarase despois dunha comida de confraternidade. A mesma poderán asistir os participantes ou acompañantes, sendo de balde para os concursantes inscritos e que participaron, e de 20 euros para os acompañantes.

45.O Club non se responsabiliza da falta da documentación ou permisos dos participantes e das correspondentes embarcacións. Infrinxir esta norma será motivo de descalificación; e de xurdir calquera clase de accidentes ou danos a persoas ou cousas, serán da súa enteira responsabilidade.

46.A organización do campionato resérvase o dereito de modificar algunhas das normas citadas con anterioridade, se así o esixiran as circunstancias, en caso extremo, o que se notificaría no seu momento coa maior antelación posible para o oportuno coñecemento de tódolos participantes. Igualmente poderíase suspender por aviso de temporal superior a 11 nós, ondas superiores a 3 metros ou por causa de forma maior.

47. Unha vez se finalice a pesaxe, e de xeito voluntario, doaranse as capturas ao Banco de Alimentos Rias Baixas.